



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS XORDAS, XORDOCEGAS E CON DISCAPACIDADE AUDITIVA RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E DO MANTEMENTO DA FEDERACIÓN PARA O EXERCICIO 2019

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte


Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 98/2018, do 26 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.



Doutra parte

Don Iker Sertucha Lista con DNI 32822404R, que actúa en nome e representación da **Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia** (en adiante **FAXPG**), con CIF **G15068091**, en virtude da súa condición de presidente dela.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas





EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.


II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que FAXPG figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0204, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva de Galicia, acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade.

V. Que FAXPG ten como misión acadar o desenvolvemento integral das persoas xordas de Galicia, en condicións de accesibilidade universal, preservando a Lingua de Signos Española (LSE) como o noso valor principal.

VI. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva, dado que desenvolven unha importante labor





complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración con FAXPG para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas coa atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva e co mantemento de FAXPG.

VII. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade FAXPG aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2019 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a súa estrutura orgánica, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.


Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva e co mantemento da entidade, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto





O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social do mantemento de FAXPG e das actividades que conleva os servizos que FAXPG ten previsto desenvolver durante o ano 2019 e que a continuación se detallan:

1. Servizo de Atención a Persoas Xordas, Xordocegas e con Discapacidade Auditiva (SAPS):


O SAPS ten como finalidade favorecer o desenvolvemento persoal e a autonomía das persoas xordas, xordocegas ou con discapacidade auditiva, xerando condicións favorables para a súa participación no ámbito socio-familiar e comunitario a través dunha atención especializada e unha intervención transversal, baseada no respecto á súa identidade, que favoreza a súa integración e a igualdade de oportunidades.

O asesoramento e a intervención débese entender non como unha actividade asistencial, senón como un instrumento que potencia as capacidades da persoa xorda e ao núcleo familiar no que se integra para facer fronte ás condicións que afectan ao seu desenvolvemento persoal e social de forma autónoma. Trátase, en definitiva, de favorecer a autonomía e o desenvolvemento normalizado do sistema familiar e social no que se integra.

Para levar a cabo a súa actividade, o SAPS xestionase a través de 5 procedementos básicos dirixidos a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva así como ás súas familias e/ou persoas vinculadas a elas por motivos persoais ou profesionais:

- Atención á demanda
- Xestión de recursos
- Intervención social
- Difusión do SAPS

O servizo prestarase por traballadores/as sociais, liderados/as por unha coordinación de área, nas axencias FAXPG distribuídas polo territorio galego.





No ámbito do SAPS, como proceso directamente vinculado, desenvólvese o **Servizo de Atención psicolóxica** que ten como finalidade "Acadar o benestar emocional e mental das persoas xordas", de carácter itinerante, sendo o profesional o que se despraza ás distintas Axencias de Galicia para prestar atención a aqueles usuarios e usuarias que o requiran.

Segundo o Plan Operativo anual da FAXPG, durante o ano 2019 desenvolveranse as seguintes actividades específicas:

- Manter a liña de promover a derivación de usuarios/as xordos/as desde entidades públicas e privadas.
- Accións vinculadas ao incremento da base asociativa.

2. Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos Española e Guías-Intérpretes (SILSE-GI):


O SILSE-GI ten como finalidade mellorar as condicións de participación e igualdade de oportunidades das persoas xordas a través da eliminación de barreiras de comunicación permitindo a comunicación entre persoas xordas e xordocegas e as persoas oíntes, no desenvolvemento das actividades da vida diaria.

O SILSE-GI consiste en:

- A interpretación de información de LSE a lingua oral e viceversa co fin de asegurar a comunicación entre as persoas xordas que sexan usuarias desta lingua e a súa contorna social.
- A guía e interpretación para persoas xordocegas, realizando as adaptacións necesarias, servíndolle de nexo coa contorna e facilitando a súa participación en igualdade de condicións.

O SILSE-GI planifícase e estrutúrase a través de 3 procesos dirixidos a calquera persoa que requira a interpretación dunha comunicación na que interveñan persoas xordas, xordocegas ou con discapacidade auditiva:

- Proceso de xestión e planificación da demanda: solicitude presencial, telefónica ou a través das novas tecnoloxías da comunicación. Análises de dispoñibilidade do intérprete e resposta á demanda baixo criterios de





orden de solicitude, axustado ás tipoloxías establecidas para actividades de vida diaria.

- Proceso de realización da interpretación. Desenvolvemento do servizo de interpretación no lugar e data previsto na solicitude.
- Proceso de rexistro e valoración da demanda. Rexistro dos servizos realizados, adecuación á normativa e seguimento e control de incidencias.

FAXPG contratará a intérpretes de lingua de signos para atender as demandas de comunicación das persoas xordas de toda Galicia, favorecendo a súa independencia na realización de xestións persoais.

FAXPG prestará servizos de intérpretes de proximidade con intérpretes de lingua de signos, lideradas por unha coordinación de área, nas axencias de FAXPG distribuídas polo territorio galego.



Segundo o Plan Operativo anual da FAXPG, durante o ano 2019 desenvolveranse as seguintes actividades específicas:


- Fomentar a co-responsabilidade a axentes privados e públicos na accesibilidade a diferentes entornos.
- Axustar a nova ferramenta tecnolóxica de xestión do SILSE-GI ao funcionamento do servizo.

3. Servizo Integral para Persoas Xordas, Xordocegas e persoas con discapacidade auditiva (SIPS):

O servizo integral para persoas xordas, xordocegas e persoas con discapacidade auditiva ten como finalidade incrementar as capacidades e oportunidades das persoas xordas a través de accións formativas e de sensibilización co seu entorno.

Este servizo, dirixido a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva así como ás súas familias e/ou persoas vinculadas a elas por motivos persoais o profesionais coordínase desde a sede central da FAXPG Coruña a través dos seguintes procedementos:

- Formación.





- Orientación e apoio educativo.
- Difusión, sensibilización e actividades para as familias.

O equipo de profesionais estará formado por persoas xordas e oíntes, titulados adecuadamente para os postos que se requiren.

Segundo o Plan Operativo anual da FAXPG, durante o ano 2019 desenvolveranse as seguintes actividades específicas:

- Adaptación de materiais publicados á lingua de signos.
- Organización de actividades conxuntas con asociacións de pais.
- Desenvolver accións formativas dirixidas a profesionais da comunidade xorda.

4.- Mantemento da estrutura asociativa da FAXPG e servizos de apoio:

En virtude deste convenio, FAXPG comprométese ao desenvolvemento deste programa. Ditas actuacións deberán desenvolverse dentro do período contemplado na cláusula décimo segunda deste convenio.


FAXPG terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades obxecto do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

SEGUNDA: Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso,





unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

- **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- **Presentación dun método de imputación** de custos indirectos.

TERCEIRA: Relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.




CUARTA: Orzamento

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará **setecentos cincuenta e nove mil oitocentos vinte e seis euros (759.826,00 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.23 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

QUINTA: Gastos imputables

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia os





seguintes:

Gastos de persoal: custes salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización da actividade obxecto da subvención ata un límite de 42.000 euros anuais por traballador a xornada completa. As retribución acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.


Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao convenio e deberán ser moderados e limitados (tarifas de transporte económicas, aloxamentos de categoría media, axudas de custo limitadas tomando como referencia as establecidas para a administración pública). Deberá de recollerse na fase de xustificación os motivos da viaxe e o lugar de reunión.

Gastos derivados da xestión e organización de servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas beneficiarias directas dos servizos prestados pola entidade e derivados da asistencia aos mesmos que o precisen e demanden; quedan excluídos os gastos que deriven da asistencia a servizos de atención diúrna que contén con financiamento público.

Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coa actividade obxecto da subvención ou co mantemento de FAXPG e das entidades confederadas; estes deberán ser moderados, podendo requirírselle á entidade un informe xustificativo dos consumos realizados, da relación co programa, da razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.

Gastos xerais de natureza corrente necesarios para o desenvolvemento do obxecto do convenio: enerxía eléctrica, auga, combustible (se non está incluído no aluguer), comunicacións, limpeza, seguridade, seguros de responsabilidade civil.

O aluguer dos locais nos que se desenvolva a actividade obxecto deste convenio debidamente xustificado, agás aqueles nos que exista unha relación contractual.





Os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado, así como os de administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

Non se subvencionarán gastos correntes nin de persoal correspondentes a centros asociados a FAXPG que teñan relación contractual cunha administración pública, no ámbito das súas competencias estatutarias. Para estes efectos poderán consultarse as entidades e/ou centros asociados a COGAMI que teñan subscrito un contrato coa administración pública, nos termos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normas de aplicación.


En tódolos custos indirectos establecerase e xustificarse a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente a realización dos gastos.

SEXTA: Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA: Forma de pagamento





Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a Entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

Efectuarase un pagamento de ata o 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a documentación prevista na cláusula oitava do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendentes de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015 do 1 de outubro. Presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA: Xustificación de gastos

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento



Federación de Asociacións de
Persoas Xordas de Galicia



débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do proveedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor.

A presentación da **conta xustificativa** levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:




a) Unha **memoria final das actuacións desenvolvidas** en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, nº de beneficiarios en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha **memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas**, que conterá:

- Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos, diferenciando os dedicados a mantemento da federación, daqueles dedicados á prestación de servizos obxecto do presente convenio. Para elo, utilizarase a ficha establecida no Anexo I.

- Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

- Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan ao presente convenio gastos de desprazamento derivados de acudir aos servizos que presta a entidade, e





na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.


- Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.
- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia no suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica, deba ter solicitado o beneficiario.
- Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.



c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por un auditor de contas inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o **informe da revisión efectuada polo auditor de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

- Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do convenio previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables especificados na cláusula quinta, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.
- Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no apartado b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación





dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

- Verificación do cumprimento do disposto na cláusula novena en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.

- Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.


- Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

- Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A persoa beneficiaria da subvención estará obrigada a pór á disposición do auditor de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da lei de subvencións de Galicia, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2019. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.





Excepcionase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas, TC's da Seguridade Social e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre así como a memoria final das actuacións desenvolvidas, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2020.


Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendentes de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os documentos correspondentes. Presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade da FAXPG.

NOVENA: Subcontratación

FAXPG é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, con empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social, sempre que estas empresas estean participadas maioritariamente polas entidades de iniciativa social definidas no artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, xustificando que estas se realizan consonte as condicións normais de mercado.

FAXPG, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social. A






estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA: Obrigas da entidade

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.





- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social", co seu respectivo logotipo.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.




Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMERA: Incumplimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007 ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.




DÉCIMO SEGUNDA: Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realízase FAXPG dende o 1 de xaneiro de 2019 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

DÉCIMO TERCEIRA: Publicidade

De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, cos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web





oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

As partes asinantes autorizan/consente a publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.


DÉCIMO CUARTA: Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 xeral de protección de datos.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia- Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.





As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>.

Así mesmo, a entidade conveniente será responsable do tratamento dos textos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento xeral de protección de datos aos efectos da súa debida comunicación.

DÉCIMO QUINTA: Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento composta por dous representantes designados pola entidade beneficiaria e dous representantes da Consellería de Política Social, para levar a cabo o seguimento e avaliación das accións previstas no presente convenio.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos representantes da administración, reunirse cando así o solicite algunha das partes.


Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEXTA: Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os





seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

A conselleira de Política Social

Fabiola García Martínez

O presidente da Federación de
Asociacións de persoas xordas
de Galicia

Iker Sertucha Lista
Federación de Asociacións de
Persoas Xordas de Galicia



ANEXO I – FICHA RESUMO DOS GASTOS

Instrucións para cubrir a ficha

Nesta ficha preséntanse 3 táboas, solicitando a información anual e diferenciando por cada unha das oficinas da entidade (cubrir unha columna por oficina):

- Táboa 1. Usuarios. Solicítase o número de usuarios atendidos, así como o número de servizos prestados ós mesmos.
- Táboa 2. Persoal. Solicítase o número de persoal, categoría e custe do persoal, diferenciando por oficina e por persoal de estrutura e de servizos. O campo categoría deberase cubrir coa categoría referencia ó correspondente convenio colectivo de aplicación (p. ex. Psicólogo, traballador social, xefe de administración, etc.). No caso de persoal a tempo parcial, deberase indicar a imputación (p. ex. a media xornada indicárase como 0,5 persoas). O custe de persoal debe incluír o salario bruto e a seguridade social a cargo da entidade.
- Táboa 3. Custes. Solicítase os custes anuais por oficina, tipo de gasto e asignación do gasto a estrutura ou servizos.



TÁBOA 1. USUARIOS

	Oficina 1	Oficina 2	Oficina n	TOTAL
Número medio de usuarios atendidos				0,00
Número medio de servizos prestados				0,00

TÁBOA 2. PERSOAL

	Oficina 1	Oficina 2	Oficina n	TOTAL
PERSOAL DE ESTRUCTURA / XESTIÓN	0,00	0,00	0,00	0,00
Número de persoal directivo				0,00
Categorías do persoal directivo (según convenio)				
Custe do persoal directivo				0,00
Número de persoal administrativo				0,00
Categorías do persoal administrativo (según convenio)				
Custe do persoal administrativo				0,00
Número doutro persoal de xestión				0,00
Categorías doutro persoal de xestión (según convenio)				
Custe doutro persoal de xestión				0,00
Número de persoal de estrutura / xestión	0,00	0,00	0,00	0,00
PERSOAL DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS	0,00	0,00	0,00	0,00
Número de persoal de prestación de servizos				0,00

[Handwritten signature]
Federación de Asociacións de
Pessoas Xordas de Galicia





Categorías do persoal de prestación de servizos				
Custe do persoal de prestación de servizos				0,00
TÁBOA 3. CUSTES	Oficina 1	Oficina 2	Oficina n	TOTAL
CUSTES DE ESTRUCTURA / XESTIÓN	0	0,00	0,00	0,00
Gastos de persoal	0,00	0,00	0,00	0,00
Dietas e desprazamentos				0,00
Consumibles (material de oficina, de limpeza, etc.)				0,00
Alquileres				0,00
Mantemento				0,00
Seguros				0,00
Suministros (electricidade, gas, teléfono, etc.)				0,00
Servizos externos				0,00
Tributos				0,00
Outros gastos				0,00
CUSTES DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos de persoal	0,00	0,00	0,00	0,00
Dietas e desprazamentos				0,00
Consumibles (material de oficina, de limpeza, etc.)				0,00
Alquileres				0,00
Mantemento				0,00
Seguros				0,00
Suministros (electricidade, gas, teléfono, etc.)				0,00
Servizos externos				0,00
Tributos				0,00
Outros gastos (intereses, amortizacións, etc.)				0,00
Gasto anual total	0,00	0,00	0,00	0,00



[Handwritten signature]
Fedeira
Pessoas Xortas de Cultura